



## ACREDITACIÓN DAS COMPETENCIAS PROFESIONAIS

Se tes experiencia profesional pero non contas cun certificado oficial que o acredite podes conseguir unha acreditación das túas competencias profesionais, que reflecta os coñecementos e capacidades que che permiten exercer un posto de traballo.

## QUE SON AS COMPETENCIA PROFESIONAIS

O conxunto de coñecementos e capacidades con significación para o emprego, que lle permiten a unha determinada persoa o exercicio dunha actividade profesional conforme ás exixencias do mercado laboral e da contorna produtiva.

Estas competencias profesionais poden adquirirse mediante formación ou pola experiencia laboral.

## VANTAXES DA ACREDITACIÓN DA EXPERIENCIA PROFESIONAL

- Trátase dunha acreditación oficial, con validez en todo o territorio do Estado
- Favorece a posta en valor da propia persoa traballadora co fin de facilitar a súa inserción e integración laboral e a libre circulación no mercado de traballo.
- Posibilita a progresión persoal e profesional.
- Fai visibles as competencias dunha persoa e dálle un valor engadido á súa experiencia.

## REQUISITOS:

- Ter nacionalidade española, certificado de cidadanía comunitaria ou ter permiso de residencia e/ou traballo.
- Ter 18 anos para cualificacións de nivel I e 20 para cualificacións de nivel II e III
- Contar con experiencia laboral relacionada coas competencias profesionais a acreditar de 3 anos e como mínimo 2000 horas traballadas nos últimos 10 anos para as cualificacións de nivel II e III, e de 2 anos e mínimo de 1200 horas traballadas, para as cualificacións de nivel I.
- Xustificar formación non formal. 300 horas de formación non formal no nivel I, e 200 horas nos niveis II e III
- As persoas maiores de 25 anos que reúnan os requisitos de experiencia laboral indicados, e que non poidan xustificala suficientemente, poderán solicitar a inscrición provisional no procedemento de acreditación presentando a documentación coa que contén e que acredite a experiencia e a formación non formal. Estes casos serán valorados na fase de avaliación polos asesores.

## DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

Para xustificar a experiencia laboral:

- Vida laboral.
- Contrato ou certificado de empresa.
- Os autónomos certificación da Tesourería Xeral de Seguridade Social.
- Para bolseiros ou voluntarios, certificado da organización onde prestaran servizos.

Para xustificar a formación:

Documentación que acredite os contidos e horas da formación non formal relacionada coas unidades de competencia a acreditar.

## PROCEDEMENTO DE ACREDITACIÓN

O Procedemento de Recoñecemento e Acreditación das Competencias Profesionais adquiridas pola experiencia laboral ou por vías non formais de formación foi regulado no Real Decreto 1224/2009 de 17 de xullo (BOE 25-08-2009)



É un sistema que permite demostrar que unha persoa está capacitada para desempeñar unha actividade profesional na que ten experiencia e conseguir unha acreditación oficial.

A convocatoria publícase de forma oficial pola Administración (BOE ou Diario Oficial da Comunidade Autónoma correspondente) e establece un prazo de presentación de solicitudes. Rematado dito prazo publícase o listado de inscritos, e posteriormente o de admitidos e excluídos.

O procedemento consta de 3 fases:

## FASES DO PROCEDEMENTO DE ACREDITACION

### 1. ASESORAMENTO

De carácter obrigatorio. Pode realizarse de forma individual ou colectiva.

As persoas encargadas do **asesoramento** citarán aos/ás interesados/as para revisar e/ou completar a documentación aportada sobre a súa historia profesional e formación.

O asesor emitirá un **informe orientativo** sobre a conveniencia que pasar a seguinte fase de avaliación.

- Se considera que **non** hai evidencia de que a persoa interesada ten cualificación profesional suficiente, emitirá un **informe negativo**, no que se indicará que formación complementaria debe realizar. Este informe non é vinculante, a persoa interesada pode decidir pasar á seguinte fase.
- Se considera que **si** hai evidencia de que a persoa interesada ten cualificación profesional suficiente, emitírase un **informe positivo** e pasará á seguinte fase, avaliación.

### 2. AVALIACIÓN

Nesta fase a **comisión de avaliación** valorará (cos métodos que considere necesarios: observación no posto, probas, entrevista persoal, ...) o historial profesional e formativo, e propondrá que unidades de competencia debe acreditar.

O resultado da avaliación dunha determinada unidade de competencia exprésase en termos de "**demostrada**" ou "**non demostrada**".

A persoa interesada será informada do resultado e poderá reclamar ante a comisión de avaliación.

Se aínda superando esta fase de avaliación non queda demostrada a cualificación, indícase que formación complementaria deberá realizar.

Se trala avaliación se demostra a competencia profesional, pasarase á terceira fase.

### 3. ACREDITACIÓN

Unha vez superadas as dúas fases anteriores, expedírase á persoa interesada a acreditación da cada unha das unidades de competencia nas que se demostrase a súa competencia profesional e así ter a posibilidade de completar un certificado de profesionalidade e/ou un título de FP.